

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO B/12, TRAMITADO POLO PROCEDUREMTO NEGOCIADO, PARA O SUBMINISTRO DUN SISTEMA DE COMPUTACIÓN CIENTÍFICA SMP

Con data 12 de xuño de 2012, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galica, (en diante CESGA), a través do procedemento negociado sen publicidade, do subministro dun sistema de computación científica SMP, (expediente de contratación número B/12).

Cursouse invitación a catro (4) empresas capacitadas para a prestación do servizo obxecto de contratación, en concreto a Fujitsu Technology Solutions S.A., Bull España S.A., IBM, Hewlett-Packard Española S.L. concedéndolles a todas elas un prazo de dez (10) días naturais para a presentación da súa oferta.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 22 de xuño de 2012), recibíronse no Rexistro interno do CESGA as seguintes ofertas:

- o Bull España S.A., titular do CIF A78882404
- o Hewlett Packard Española, S.L., titular do CIF B28260933, mada xustificante de envío segundo se establece no punto 8.1 dos pregos, chegando o orixinal o día 25

A empresa Fujitsu Technology Solutions S.A., comunican por escrito que non presentan oferta, a empresa IBM non envía ningunha comunicación.

O 26 de xuño de 2012 procedeuse á apertura do sobre A, de documentación xeral, dos licitadores, observándose os seguintes defectos ou omisións emendables na documentación presentada:

- Hewlett Packard Española S.L.: non consta
 - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folla de especificacións.

Polo tanto, tendo en conta o prego de condicións xurídicas, acórdase ese mesmo día 26 solicitar á empresa, Hewlett Packard Española S.L, que corrixan, emenden ou aclaren a documentación presentada.

Finalizado o prazo conferido para a emenda de defectos na documentación xeral, a empresa Hewlett Packard Española S.L. presenta a documentación solicitada, polo que os dous licitadores que se presentaron foron admitidos ao proceso de licitación.

A continuación procedeuse á apertura do sobre B, (documentación relativa aos criterios cualitativos e cuantitativos), contendo as ofertas presentadas todos os documentos esixidos nos pregos, dos que resultaron as seguintes propostas económicas:

	Prezo sen IVE	Prezo con IVE
Hewlett-Packard	27.711,86	32.700,00
Bull España, S.A.	27.712,00	32.700,16

Ningunha das propostas económicas excede do prezo base de licitación nin tampouco se aprecia ningún dato que poida facer inviable a proposta formulada polos respectivos licitadores.

Trala correspondente negociación cos licitadores, procedeuse á valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións.

Para unha mellor valoración das ofertas cualitativas, solicitouse a Ignacio López Cabido, Subdirector Técnico, e máis Carlos Fernández Sánchez, Administrador de Sistemas, a elaboración dun informe de valoración das ofertas presentadas conforme aos criterios cualitativos previstos no prego de condicións, e do que resultan as seguintes consideracións:

- A oferta de Bull España incumpre os seguintes requisitos descritos no prego de prescricións técnicas:
 - Catro procesadores con ao menos oito núcleos por procesador e arquitectura x86_64 a 2 GHz de velocidade de reloxo mínimo e 12MB de caché por procesor. Deberá ter ao menos un rendemento pico por core de 8Gflops.

Xa que a súa oferta do servidor B tan só inclúe 2 procesadores, queda excluída do procedemento e non é obxecto de avaliación.

- A oferta de HP cumpre todos os requisitos descritos no prego de prescricións técnicas.

Segundo o apartado G do cadro de especificacións dos pregos de condicións que rexen a contratación, os aspectos cualitativos (NON cuantificables de forma automática ou mediante fórmulas matemáticas), puntuaranse ata un máximo de 60 puntos, o resumo dos puntos acadados é o seguinte:

	Puntuación máxima	HP
Rendemento	25	16,5
Calidade Tecnolóxica	20	13
Eficiencia Enerxética	5	2
Soporte técnico	5	0,7
Facilidade de xestión remota e mantemento	5	2
TOTAL	60	34,20

O resumo da puntuación acadada pola empresa Hewlett-Packard Española, S.L. é a seguinte:

	Criterios cualitativos	Criterios cuantitativos	TOTAL
Hewlett-Packard	34,20	40	74,20

Á vista do exposto e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos da Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, entidade con CIF A 15420599

ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar o contrato para o subministro dun sistema de computación científica SMP, á empresa Hewlett-Packard Española, S.L., titular do NIF B28260933, polo importe total de trinta e dous mil setecentos euros (32.700,00 €), sendo vinte e sete mil setecentos once euros con oitenta e seis céntimos (27.711,86 €) a base imponible, e catro mil novecentos oitenta e oito euros con catorce céntimos (4.988,14 €) o imposto sobre o valor engadido.

Segundo.- Comunicar aos licitadores a adxudicación do contrato e simultaneamente publicar a ditada adxudicación no perfil do contratante da páxina web do CESGA.

Terceiro.- A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación de adxudicación aos licitadores.

En Santiago, a 23 de xullo de 2012,



**O Director Xerente da Sociedade Anónima Xestión
Centro de Supercomputación de Galicia – CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío**